

"Os principais tramos acantilados da costa galega localízanse alí onde afloran rocas máis resistentes. (metagrauvacas e lousas da Serie de Ordes)

Os acantilados de Punta Frouxeira presentan un perfil variable, desde verticais ata pendentes suaves, mostrando todo o sector un remate plano.

No flanco occidental, estes perfís son verticais ou inclinados cara ao mar, con numerosos entrantes e espolones rocosos. A península situada neste flanco occidental atópase unida ao resto do sector por un istmo no que se interrompe a liña de acantilados e se emplazan dúas praias. Ao sur da península a erosión diferencial dió lugar a dous calas con planta case semicircular, pechadas por un dique de roca máis resistente, limitadas cara ao interior por un acantilado duns 4 m de alto, con plataforma na base. No flanco oriental de Punta Frouxeira a altura dos acantilados descende progresivamente desde os 40 m ata desaparecer na praia da Frouxeira.

O complexo patrón de fracturas e a variabilidade litolóxica son os principais factores responsables do modelado de detalle, establecendo unha serie de liñas de debilidade a partir das cales prodúcese o retroceso da costa.

O modelado de detalle deste tramo de costa está fuertemente condicionado polos factores estruturais, de modo que o ataque das olas ten un maior efecto destrutivo nas zonas de debilidade.

Os entrantes e saintes da liña de costa, as covas e espolóns rochosos, e a presenza de illotes , adoitan responder polo xeral á disposición destes planos de debilidade.

Neste sector de Pta. Frouxeira atopamos unha "rasa" (), cun intenso grado de alteración. A rasa caracterízase por unha case perfecta uniformización da súa superficie, que se labrou sobre estratos que presentan un grado de alteración diferente. Ao iniciarse o ataque do mar, estes materiais retrocederían máis rapidamente, quedando en resalte os menos alterados que formarían o dique que pecha as calas.*

Asemella, polo tanto, que non son únicamente a enerxía das ondas nin a estrutura nin os procesos de alteración individualmente, os factores que interveñen na elaboración das plataformas litorales; o seu desenvolvemento e a xeometría que presentan responden a un balance entre resistencia da rocha e a enerxía das ondas".

() Denominamos "rasas" ás superficies de abrasión con depósitos mariños.*

Fonte: Blanco Chao, R. e Pérez Alberti, A. (1996): **Formas litorales en la costa noroccidental galega: los sectores acantilados entre cabo Prioriño (ferrol) y pta. Frouxeira (Valdoviño)**. En Geographica, 33, pp. 3-28. Zaragoza.